

ACTÚA CONTRA A VIOLENCIA NO BALONMÁN



VIOLENCIA VERBAL



VIOLENCIA FÍSICA



INTIMIDACIÓN



DISCRIMINACIÓN

01

DISTÁNCIATE E NON PARTICIPES

SE PRESENCIAS UNHA SITUACIÓN VIOLENTA, É **CRUCIAL QUE TE DISTANCIES** DELA. **NON TE INVOLUCRES** NA DISPUTA, NIN FÍSICA NIN VERBALMENTE, XA QUE ISTO PODE AGRAVAR A SITUACIÓN.

02

MANTÉN A CALMA

NO CASO DE PRESENCIAR VIOLENCIA, MANTÉN A CALMA E **NON RESPONDAS NIN PARTICIPES NAS PROVOCACIÓNS**. O OBXECTIVO É EVITAR QUE A SITUACIÓN EMPEORE.

03

AVALÍA A GRAVIDADE

SE A SITUACIÓN É GRAVE, COMO UN ATAQUE FÍSICO, OU **SE HAI PERIGO PARA A SEGURIDADE DE ALGUÉN**, A PRIORIDADE É **GARANTIR QUE AS PERSOAS IMPLICADAS POIDAN RECIBIR AXUDA DE MANEIRA RÁPIDA E EFECTIVA**.

04

BUSCA A COOPERACIÓN COLECTIVA

SE CONSIDERAS QUE A SITUACIÓN O REQUIRE, PODE SER ÚTIL **CHAMAR A ATENCIÓN DOUTROS AFECCIONADOS** QUE TAMÉN POIDAN **INTERVIR DE MANEIRA PACÍFICA E RESPONSABLE**. UNHA ACTUACIÓN COLECTIVA PODE DISUADIR Á **PERSOA AGRESORA DE CONTINUAR CO SEU COMPORTAMENTO**.

05

INFORMA E DENUNCIA

DIRÍXETE AO PERSOAL ORGANIZADOR DO EVENTO (ÁRBITROS/AS, DELEGADOS/AS OU RESPONSABLES DO CLUB) PARA QUE TOMEN AS MEDIDAS PERTINENTES. ELES/AS TEÑEN O PODER DE INTERROMPER A SITUACIÓN, E SE É NECESARIO, **CHAMAR Á POLICÍA**. PODES DENUNCIAR ANTE A FEDERACIÓN A TRAVÉS DO ENDEREZO ELECTRÓNICO:

denuncias@fgbalonman.com



O Balonmán Galego contra a violencia